

## Cámaras para previr o acoso escolar?

Sermos Galiza | 11 de Maio de 2016



CIG-Ensino e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza (COPG) amosan o seu rexeitamento á instalación destes dispositivos e instan a educar en valores.

A Consellaría de Educación inclúe no [protocolo de protección de datos](#) que presentou ao Consello Galego da Convivencia unha serie de pautas á hora de introducir cámaras de video-vixianza nos centros de ensino. Este documento visa regular, entre outras cuestións, a instalación destes dispositivos en escolas e institutos como ferramenta contra o acoso escolar ou *bullying*.

Educación di que estes dispositivos serán "unha axuda" para "prever" e "facer seguimento" de casos de *bullying*

Neste senso, o propio conselleiro, **Román Rodríguez**, sinalou recentemente nun acto público as cámaras "van posibilitar unha axuda para o profesorado e para os equipos directivos, coa que

poidan prever e sobre todo poder facer un seguimento deste tipo de problemas nos centros educativos". Porén, a comunidade educativa non partilla a visión do responsábel de Educación.

O propio protocolo, de facto, prevé que cada centro determine no exercicio da súa "autonomía" sobre a instalación de cámaras de acordo, sinalan desde a Xunta coa lexislación actual disposta pola **Axencia de Protección de Datos**. Así pois, para alén de "motivos de seguridade" no centro -como até o de agora prevía a lei como suposto para a implantación destes dispositivos **"enténdese agora que tamén se poden instalar este tipo de sistemas como prevención de danos aos menores de idade, como pode ser para evitar e aclarar posíbeis situacións de maltrato físico, verbal ou psicolóxico**, coa base da necesaria supremacía do interese superior do menor, que proclama a normativa de protección xurídica do menor", recolle o protocolo da Xunta.

## Control

Así as cousas, prevé "cautelas adicionais" de se colocaren para tales efectos como que as cámaras só sexan **instaladas en "zonas comúns" como o patio ou o comedor** "mais nunca nas aulas", "vestiarios" ou "ximnasio"; á reprodución das imaxes só poderá ter acceso a dirección ou a persoa designada para tal fin ou mesmo a posibilidade de reducir dun mes a 10 días o período de conservación das capturas.

O protocolo impide a colocación das cámaras nas aulas, vestiarios ou ximnasio e prevé a instalación en zonas comúns

"Parécenos unha barbaridade", di **Anxo Louzao, secretario nacional da CIG-Ensino** en conversa con *Sermos Galiza*. "Son centros educativos e non se educa vixiando, é tremendo", subliña ao tempo que advirte dos riscos de "pisar dereitos" en aras "do control". "Que é, unha prisión de alta seguridade?", pregúntanse desde a CIG-Ensino.

## Educar en valores

Desde o **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza (COPG)** rexeitan a medida "debido principalmente á súa falta de eficacia á hora de prever o acoso escolar", sinalan nun comunicado de prensa.

"O medio principal e o máis axeitado para a prevención da violencia nas aulas é a través da educación e recursos como as gravacións poden resultar incluso contraproducentes", acrecentan. Aliás, amosan a súa preocupación polo que suporá para o "dereito á protección da intimidade do alumnado, xa que existe unha liña moi fina entre a seguridade e a intimidade; sendo a protección da súa intimidade parte fundamental da seguridade que hai que garantirlles como menores que son".

O medio principal e o máis axeitado para a prevención da violencia nas aulas é a través da educación

Para alén diso, desde o COPG chaman a "reflexionar" tamén sobre as "consecuencias" que carrexaría a implantación xeralizada da destes dispositivos nos centros educativos "é moi posible que o alumnado remate "comportándose ben" por mor da presenza das cámaras, máis que por teren integrados na súa ética persoal unha serie de valores de respecto e convivencia" polo que apelan a "educar en valores desde a liberdade e a responsabilidade", en troca de vixiar.

No [número 182 do semanario en papel](#) publicamos unha reportaxe intitulada 'Violencia entre iguais nas aulas' no que afondamos no bullying mais tamén na escola como transmisora de valores emocionais.